



REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

**IX Premio *Julián Francisco Suárez Freire*  
para Mozas e Mozos Investigadores patrocinado por  
BIDAFARMA e COFARO**

A Real Academia de Farmacia de Galicia, convoca o Premio *Julián Francisco Suárez Freire* para investigadores nados con posterioridade ao 31 de decembro de 1986 que teñan publicado, como primeiros asinantes, un traballo orixinal realizado total o parcialmente nunha institución galega, sobre un tema relacionado co medicamento desde as súas fases temperás de I+D á cadea de distribución.

O traballo tivo que ser publicado nun volume do ano 2022 dunha revista científica indexada no Journal Citation Reports. Cada candidato poderá concorrer cun único traballo.

O premio consistirá nun Diploma acreditativo e unha dotación económica de 3.000 €. Poderase outorgar un diploma de calidade/excelencia a un segundo traballo que destaque polas súas cualidades. Premio e diplomas outorgaranse solo aos primeiros firmantes.

A solicitude, na que se farán constar os datos persoais do candidato (domicilio, teléfono e correo electrónico), acompañarase dunha fotocopia do DNI ou pasaporte, curriculum vitae resumido do candidato, copia do traballo que se presenta ao premio, un resumo salientando a relevancia da contribución científica, o seu impacto e carácter innovador (máximo 3.000 caracteres) e declaración de que o traballo non foi premiado con anterioridade. No caso de que haxa varios primeiros asinantes aos que se recoñeza explicitamente na publicación que contribuíron en igual medida, todos eles deberán cumprir o requisito de idade anteriormente sinalado e presentar a solicitude conxuntamente. De tratarse de traballos en colaboración, deberase achegar a conformidade por escrito para concorrer ao premio do todos os coautores.

Non se aceptarán traballos premiados previamente por outras institución, nin tampouco de solicitantes, ou nos que participen coautores, de traballos premiados nas convocatorias de 2019, 2020 ou 2021.

A solicitude e documentación completa remitirase por correo electrónico á dirección [secretaria@academiadefarmaciadegalicia.gal](mailto:secretaria@academiadefarmaciadegalicia.gal).

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 31 de decembro de 2022.

O xurado encargado de examinar os traballos estará constituído por cinco membros, dos que polo menos tres deberán ser Académicos Numerarios e dous propostos polos patrocinadores. Para a adxudicación do premio terase en conta a orixinalidade, o nivel científico e a posible repercusión do traballo nos ámbitos científico, sanitario, histórico, económico e social. Se ningún dos traballos presentados acadara o nivel requirido, o xurado poderá declarar o premio deserto. Unha vez finalizado o proceso de valoración, o resultado comunicaráselles a tódalas candidaturas presentadas. As decisións do xurado son inapelables.

A entrega do premio efectuarase no acto de Apertura do Curso 2023 da Real Academia de Farmacia de Galicia.

A Academia poderá requirir do/s investigador/es premiado/s a exposición pública do traballo dentro do seu programa de actividades e non poderán concorrer a posteriores convocatorias deste mesmo premio.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Asdo. Ilmo. Dr. D. Manuel Puga Pereira

Presidente



REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

**IX Premio *Julián Francisco Suárez Freire*  
para Jóvenes Investigadores patrocinado por  
BIDAFARMA y COFARO**

La Real Academia de Farmacia de Galicia, convoca el *Premio Julián Francisco Suárez Freire* para investigadores nacidos con posterioridad al 31 de diciembre de 1986 que hayan publicado, como primeros firmantes, un trabajo original realizado total o parcialmente en una institución gallega, sobre un tema relacionado con el medicamento desde sus fases tempranas de I+D a la cadena de distribución.

El trabajo tuvo que ser publicado en un volumen del año 2022 de una revista científica indexada en el *Journal Citation Reports*. Cada candidato podrá concurrir con un único trabajo.

El premio consistirá en un Diploma acreditativo y una dotación económica de 3.000 €. Se podrá otorgar un diploma de calidad/excelencia a un segundo trabajo, que destaque por sus cualidades. Premio y diplomas se otorgan solo a los primeros firmantes.

La solicitud, en la que se hará constar los datos personales del candidato (domicilio, teléfono, correo electrónico), se acompañará de una fotocopia del DNI o pasaporte, *curriculum vitae* resumido del candidato, copia del trabajo que se presenta al premio, un resumen destacando la relevancia de la contribución científica, su impacto y carácter innovador (máximo 3.000 caracteres) y declaración de que el trabajo no fue premiado con anterioridad. En el caso de que haya varios primeros firmantes a los que se reconozca explícitamente en la publicación que contribuyeron en igual medida, todos ellos deberán cumplir el requisito de edad anteriormente señalado y presentar la solicitud conjuntamente. De tratarse de trabajos en colaboración, se deberá presentar la conformidad por escrito para concurrir al premio de todos los coautores.

No se aceptarán trabajos premiados previamente por otras instituciones, ni tampoco de solicitantes, o en los que participen coautores, de trabajos premiados en las convocatorias de 2019, 2020 o 2021.

La solicitud y documentación completa se remitirán por correo electrónico a la dirección [secretaria@academiadefarmaciadegalicia.gal](mailto:secretaria@academiadefarmaciadegalicia.gal).

El plazo de presentación de solicitudes finaliza el día 31 de diciembre de 2022.

El jurado encargado de examinar los trabajos estará constituido por cinco miembros, de los que al menos tres serán Académicos Numerarios y dos propuestos por los patrocinadores. Para la adjudicación del premio se tendrá en cuenta la originalidad, el nivel científico y la posible repercusión del trabajo en los ámbitos científico, sanitario, histórico, económico y social. Si ninguno de los trabajos presentados alcanzara el nivel requerido, el jurado podrá declarar el premio desierto. Una vez finalizado el proceso de valoración, el resultado se comunicará a todas las candidaturas presentadas. Las decisiones del jurado son inapelables.

La entrega del premio se efectuará en el acto de Apertura del Curso 2023 de la Real Academia de Farmacia de Galicia.

La Academia podrá requerir al investigador/es premiado/s la exposición pública del trabajo dentro de su programación de actividades y no podrá concurrir a posteriores convocatorias de este mismo premio.

Santiago de Compostela, 15 de noviembre de 2022

Fdo. Ilmo. Dr. D. Manuel Puga Pereira  
Presidente